



Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA "SAN XURXO" DE SAIÁNS inscrita co nº 1978/000478-1 (PO) do Rexistro de Asociacións e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 14-05-2004, acordou a modificación dos seus Estatutos para súa adaptación a lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpríuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, 28 de xuño de 2005

O/A DELEGADO/A PROVINCIAL


Asdo.: Sonia Lorenzo Santos



ESTATUTOS
DA
ASOCIACIÓN VECIÑAL
CULTURAL E DEPORTIVA
SAN XURXO
DE
SAIÁNS


ARTIGO 1 –

1.- A Asociación regulada polos presentes Estatutos adoptará o nome de **ASOCIACIÓN VECINAL, CULTURAL E DEPORTIVA “SAN XURXO” DE SAIÁNS – VIGO**, constituíndose, ó amparo dos artigos 22 e 53 da Constitución Española de 1978, como entidade de interese xeral, de participación cidadán, defensa de consumidores e usuarios e sen ánimo de lucro. Rexerase polos seus Estatutos e polo seu Regulamento de Réxime Interno, se existira; inscrita no Rexistro central co nº 26230 e no Rexistro provincial co nº 478, e CIF. G.36648988.

2.- A asociación rexerase polos devanditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

ARTIGO 2 - A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “ San Xurxo “defínese como unha Asociación baseada nos principios de liberdade, xusticia, igualdade e pluralismo político.


Augusto Miranda
D.N.I. 36141640-S



- De procura constante da convivencia, e diálogo entre as persoas, o desarme e a paz entre os pobos.
- Asemade esta Asociación declárase ecoloxista e defensora do medio ambiente e do noso patrimonio artístico e cultural.

ARTIGO 3 - Os obxetivos desta Asociación serán os seguintes:

GEMA GARCIA
361322474



MARILYN DUCOSTA
36.050.149-4




- 1.- Coordinar e potenciar os obxetivos dos seus membros e en definitiva da vecindade asociada.
- 2.- Recoller as peticións e facelas chegar a quen corresponda sin prexuízo das tarefas reivindicativas dos seus membros.
- 3.- A consecución dos medios materiais, sociais e culturais útiles para o desenvolvemento da parroquia.
- 4.- Defender, fomentar e mellorar os intereses xerais da vecindade en calidade de consumidores e usuarios.
- 5.- Informar e educar á vecindade en tódalas cuestións que afecten a intereses xerais en especial as cuestións que afecten á información e educación dos consumidores.
- 6.- Velar polo cumprimento por parte da Administración dos dereitos recoñecidos no noso Ordenamento Xurídico como entidades de interese xeral de consumidores e usuarios en particular nos seguintes:

- a) Recibir información directa dos asuntos de interese común.
- b) Alzar propostas de actuación no ámbito das administracións públicas.
- c) Intervir en tódolos ámbitos da administración en defensa dos intereses xerais da cidadanía.
- d) Exercitar o dereito á iniciativa popular.
- e) Exercitar ó control da administración en defensa dos dereitos de xestión e coxestión.
- f) Recibir axudas económicas a cargo dos presupostos das administracións públicas.



7.- Para adaptar e concretar os fins desta Asociación o artigo 51 da Constitución e lexislación que o desenvolve especificanse os obxetivos para fomentar a educación, información, defensa, representación e promoción dos dereitos dos consumidores e usuarios:

- Protección contra os riscos que poidan afectar á saúde e seguridade.
- Indemnización ou reparación dos prexuízos sufridos.
- Información correcta sobre diferentes produtos, así coma a educación e divulgación para facilitar o correcto uso, consumo e disfrute.
- Participación nos procedementos de elaboración de disposicións xerais que afecten os consumidores, exercitando a representación da defensa dos intereses dos mesmos.
- Protección xurídica, administrativa e técnica das situacións de inferioridade, subordinación ou indefensión.
- Protección prioritaria dos dereitos dos consumidores e usuarios cando sexan produtos ou servizos de uso común e xeneralizado.

GEMA GARCIA
36132244



ARTIGO 4 - A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “ San Xurxo” ten o seu enderezo na rúa Eira Vella número 4 de Saiáns – Vigo podendo trasladarse dese local cando así o acorde a directiva da Asociación ou a Asamblea Xeral.

ALICIA MIRANDA
36141640-5



ARTIGO 5 - O ámbito territorial desta Asociación é a Parroquia de Saiáns-Vigo, reservándose a facultade de poder coordinar, federar ou confederar con outras entidades de ámbito comarcal, autonómico, estatal, europeo e internacional.

TARSICIA DACOSTA
36-050-149



A lingua galega será o idioma que a Asociación utilizará nas súas comunicacións cos socios e co público en xeral.

ARTIGO 6 - A Asociación terá personalidade xurídica propia. A tal fin, e para a consecución dos fins enumerados, a Asociación gozará de capacidade xurídica bastante para obrigarse de calquera forma admitida en Dereito con terceiros, intervindo en calquera posición no tráfico mercantil, xa sexa comprando, vendendo, arrendando, avalando, solicitando préstamos, creando ou fomentando cooperativas de servizos, etc., comprometendo, en todo elo, o patrimonio propio. Asemade, realizar reclamacións ante calquera organismo, público ou privado, podendo comparecer e estar polo medio dos seus representantes legais en xuízo, exercitando accións e oponendo excepcións en defensa dos intereses propios ou alleos, cando a súa defensa se considere necesaria para o desenvolvemento e cumprimento dos seus fins.

II. DOS SOCIOS, CLASES, DEREITOS E DEBERES.

ARTIGO 7 - A Asociación estará integrada polos propietarios e veciños de Saiáns, maiores de idade, con plena capacidade de obrar, que se acrediten segundo os presentes estatutos.


- Para adquirir a condición de socio, os veciños deberán formalizar a correspondente solicitude de ingreso.
- O número de socios non terá limitación algunha.
- Tódolos socios teñen idénticos dereitos.
- Tódolos membros da familia que convivan co socio terán os seus mesmos dereitos e obrigas.



ARTIGO 8 - Terán carácter de FUNDADORES os socios que no seu día asinaran a primeira Acta Fundacional.


ARTIGO 9 - Son dereitos dos asociados:

- a) Participar nas actividades da Asociación para cumprir os obxetivos da mesma
- b) Utilizar os servicios da Asociación e tomar parte nas súas actividades.
- c) Exercer o dereito de voz e voto nas Asambleas Xerais que se celebren.
- d) Elexir e ser elexible para tódalas función representativas da Asociación.
- e) Seren informados das actividades da Asociación e dos acordos tomados por tódolos seus órganos.
- f) Formular propostas á Xunta Directiva.
- g) Impugnar os acordos conforme a lexislación vixente, e as normas de organización interna.
- h) Examinar as contas de gastos e ingresos anuais.

CELA GARCIA
361322474



ARTIGO 10 - Son deberes dos asociados:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e regulamento de réxime interno, se existise, e os acordos que tome a Asamble Xeral e a Xunta Directiva da Asociación.
- b) Cumprir a obriga do cargo que ostente e da función que teña aceptada.
- c) Satisfacer en forma as cotas que determine a Asamble Xeral.
- d) Cooperar ca labor e fins da Asociación.
- e) Asistir e participar nos actos que convoque a Xunta Directiva.
- f) Comunicar a Asociación os posibles cambios nos seus datos persoais.

ALBERTO MIRANDA
36141640-S


ARTIGO 11 - O cese na condición de socio producirase:

- a) Por desexo do asociado.
- b) Por falta de paga da cota previo requerimento da Directiva, e sen perxuízo de serlle reclamada a cantidade adebedada. Neste caso, poderase rehabilitar por medio do aboamento da débeda.
- c) Cando a proposta da Directiva e, ratificado pola Asamble Xeral, se estime convinte por:
 - marcado desinterese e falta de colaboración,
 - incumprimento dos Estatutos,
 - utilización da Asociación para fins alleos.
- d) En todo caso será necesario apertura de expediente de audiencia ó interesado con carácter previo á expulsión.

TARSIYA DACOSTA
36050149-H




III. ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN.

ARTIGO 12 - Son órganos de goberno da Asociación a Asamble Xeral e a Xunta Directiva.

ARTIGO 13 - A Asamble Xeral será o órgano supremo da Asociación e nela teñen dereito a voz e voto tódolos asociados presentes. As sesións desta terán carácter de

ordinarias ou extraordinarias. Os cargos de Presidente e Secretario recaerán nos socios que ocupen ditos cargos na Xunta Directiva.

ARTIGO 14 - A Asamblea Xeral Ordinaria reunirase como mínimo unha vez ó ano.

ARTIGO 15 - A Asamblea Xeral Extraordinaria reunirase cando a convoque a Xunta Directiva ou cando o solicite un número de socios non inferior o 10 %.

ARTIGO 16 - A Asamblea Xeral constituirase válidamente, previa convocatoria efectuada –quince días antes da reunión- cando concurran a ela, presentes ou representados un tercio dos asociados.

ARTIGO 17 - Os acordos da Asamblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Nembargantes requirirá a maioría cualificada de persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos a disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou enaxenación de bens e remuneración dos membros do órgano de representación.

ARTIGO 18 - Son competencias da Asamblea Xeral Ordinaria:

- GENIA GARCIA
36132244
[Signature]*
- ALBERTO MIRANDA
36141640-S
[Signature]*
- TARSILA DARCOSTA
36050149.4
[Signature]*
- Examen e aprobación, se procedese, da memoria anual, balances e presupostos anuais de ingresos e gastos.
 - Establecemento e modificación das cotas ordinarias, así coma as posibles extraordinarias.
 - Aprobación, ou rechazo, das propostas que regulamentariamente se fagan pola Xunta Directiva ou polos socios.
 - Rectificar a constitución de delegados, vocalías e comisións de traballo da Asociación.

ARTIGO 19 - Serán competencias da Asamblea Xeral Extraordinaria:

- A elección e renovación dos membros das Xuntas Directivas, administradores e representantes.
- A modificación dos Estatutos.
- Os acordos para constituir unha federación de Asociacións.
- A consecución de obrigas, decreto e préstamo.
- O acordo da disolución da Asociación.
- A unión con outros colectivos da parroquia.
- A toma de decisión de calquera asunto urxente e/ou importate para a parroquia.

ARTIGO 20 - A Xunta Directiva estará constituída por un presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro e un mínimo de tres vocais. Ditos cargos serán gratuitos e voluntarios e serán nomeados pola Asamblea Xeral Extraordinaria por un mandato de dous anos, podendo ser reeleixidos por dous periodos consecutivos.

O presidente deberá levar residindo na parroquia por un periodo mínimo de dous anos ininterrumpidos.




Cando existan vacantes entre os cargos da Xunta Directiva en número menor a un tercio dos seus componentes, as súas funcións serán cubertas interinamente ata a vindeira Asamblea Xeral por parte dos outros membros da Asociación, elexidos por votación entre eles.


ARTIGO 21 - A Xunta Directiva reunirse mensualmente con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cando o solicite o presidente ou a metade mais un dos componentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple e para a súa validez requirirán a presenza de, alomenos, a metade mais un dos componentes da Xunta Directiva. En caso de empate decidirá o voto do presidente.


ARTIGO 22 - As reunións da Xunta Directiva deberán convocarse con antelación suficiente. A asistencia é obrigatoria e no caso de non poder asistir comunicarse ó presidente.

ARTIGO 23 - A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- Alcorno MIRANDA*
36141646-S

- a) Convocar e fixar a data das Assembleas Xerais.
 - b) Organizar e desenvolver os acordos aprobados pola Asamblea.
 - c) Elaborar os presupostos e os balances.
 - d) Organizar e coordinar as comisións de traballo que se creen.
 - e) Interpretar e velar polo cumprimento dos Estatutos.
 - f) Redactar o Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, que deberá ser aprobado pola Asamblea Xeral Extraordinaria.

GENA GARCIA
361322444


ARTIGO 24 - Poderán e deberán constituirse delegados de zoa da Asociación, e serán elexidos entre os socios da devandita zoa. A Asociación poderá autorizar provisoriamente a creación de delegados de zoa, obtendo a ratificación definitiva na Asamblea Xeral. Ata o intre da Asamblea unha nova delegación poderá enviar un representante seu á Xunta Directiva, con voz pero sen voto.

TASILA DACOSTA
36050148-H


ARTIGO 25 - A Xunta Directiva poderá constituir todas aquelas vocalías que estime necesarias.

As vocalías atenderán dentro das súas posibilidades as demandas que a Asociación lle faga, co gallo de informar á Xunta Directiva encol da su actividade específica, e deberán necesariamente participar nas formas que se establezcan.

ARTIGO 26 - Correspóndelle o Presidente da Asociación:

- a) Presidir as reunións da Xunta Directiva e das Assembleas.
- b) Convocar á comision e ás Assembleas Xerais.
- c) Representar públicamente a Asociación.
- d) Autorizar coa súa sinatura toda clase de documentos que emanen da Asociación.
- e) Adoptar as medidas urxentes para o mellor goberno e administración da Asociación.




- f) Suscribir contratos, interpor recursos administrativos e, ante as xurisdiccións ordinarias e especiais, aceptar legados e herdanzas, exercer accións e oponer excepcións, todo elo en nome da Asociación.

ARTIGO 27 - Serán funcións do Vicepresidente:

Sustituir o presidente cando, por calquera motivo xustificado, éste non poida cumpri-las suas funcións.


ARTIGO 28 - Serán funcións do Secretario:

- a) Levar o Libro Rexistro de Socios, o Libro de Actas e emitir os certificados correspondentes.
b) Dirixir a secretaría.
c) Redactar a memoria anual así como as convocatorias e informes que saian da Xunta Directiva.
d) Levar a correspondencia da Asociación.


GEMA GARCIA
361322474


ARTIGO 29 - Serán funcións do Tesoureiro:

- a) Levar o Libro de Contas.
b) Custodiar os fondos sociais.
c) Efectuar os pagos e cobros. Manterá unha conta bancaria a nome da Asociación, na que terán sinatura conxunta él, o presidente e mailo secretario.
d) Fará cada ano o inventario balance e redactará o presuposto de ingresos e gastos do ano entrante.

ALBERTO MIRANDA
36143640 - S




TARISLA DACOSTA
36050145 - H


ARTIGO 30 - Os vocais da Xunta Directiva terán misións encomendadas polo presidente sen determinarse número.

ARTIGO 31 - As vocalías rexeranse por un principio básico de autonomía funcional. En todas elas percurarase a presenza dun membro da Xunta Directiva, e terán as funcións sinaladas polo regulamento interno da Asociación se existise.

- a) A Vocalía da muller é un órgano dependente da Xunta Directiva na organización de actos e actividades preferentemente para mulleres, tentando acadar así principalmente a integración social, laboral e colectiva das mulleres que o demanden ou precisen.

ARTIGO 32 - Dende o fin do mandato anterior ou da dimisión da Xunta Directiva abrirase un prazo de quince días para presentar candidaturas. Ditas candidaturas terán un número mínimo de seis componentes todos eles asociados con, alomenos, un ano de antigüidade.

Vencido o prazo de candidaturas convocarase a Asamblea Extraordinaria dentro dos quince días seguintes a fin de proceder á elección das candidaturas presentadas.

IV. REXIMEN ECONÓMICO

ARTIGO 33 - Os recursos económicos da Asociación para o cumprimento dos seus obxetivos procederán:

- a) Das cotas dos asociados.
- b) Das rendas do patrimonio da Asociación.
- c) Dos convenios que se asinen.
- d) Das subvencións de organismos oficiais ou particulares.
- e) Das doazóns, legados ou herdanzas.
- f) Dos importes de cotas extraordinarias que establezca a Asamblea Xeral.
- g) Calquer outro medio legar non contradictorio cos fins da Asociación.



GEMO GARCIA
361322474

[Handwritten signature]

ARTIGO 34 - A Asociación levará os libros de actas, caixa, rexistro e calquera outro fixado por lei.

ARTIGO 35 - A Asociación responde das súas obrigacións cos seus bens presentes e futuros.

ARTIGO 36 - O patrimonio da Asociación estará formado por:

Alexandro Miranda
36141640-5

[Handwritten signature]

- a) Os bens que correspondan en propiedade a Asociación, nos que se inclúe o Local Social e o terreo no que este está ubicado, e as cotas dos asociados.
- b) A asociación dispón dun patrimonio de 174.784,-- euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

ARTIGO 37 - A aceptación de doazóns e subvencións a prol da Asociación corresponderá á Xunta Directiva sempre que non comporten compromiso ou carga de calquera clase para a Asociación.

YASILA DACOSTA
36050145-11

[Handwritten signature]

V. INCOMPATIBILIDADES


ARTIGO 38 - Todo membro da Xunta Directiva que sexa candidato ó Congreso, Senado, Parlamento Europeo, Parlamento Autonómico ou Concello, cesará de modo provisorio nas súas funcións dende o intre en que se fagan públicas as listas ata o día das eleccións. No caso de resultar elixido, deberá presentar a dimisión do seu cargo na Xunta Directiva nun prazo de dez días hábiles dende que saia elixido.


VI. DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN


ARTIGO 39 - A Asociación disolverase polas causas previstas nos Estatutos, pola vontade dos asociados expresada na Asamblea Xeral, polas causas establecidas no artigo 39 do Código Civil e por sentenza xudicial firme.


O acodo de disolución requirirá a convocatoria dunha Asamblea Extraordinaria o efecto cunha maioría de $\frac{3}{4}$ dos votos

ARTIGO 40 - A disolución da Asociación, o periodo de liquidación no que a Xunta Directiva en exercicio velará polo patrimonio da Asociación, concluirá as operacións pendentes, cobrará os créditos, pagará ós acreedores e destinará o sobrante, se existira, en beneficio dunha entidade benéfica, cultural ou institucional que determine a Asamblea.

ALBERTO MIRANDA
361114640.S


GENA GARCIA
36B22474


TARSICA DOBOSA
36-030-145-14



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Inscrita a modificación por resolución do 28-6-2005
ós sos efectos de publicidade de conformidade co
artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

PONTEVEDRA, 28. XUN 2005.....20.....

O DELEGADO PROVINCIAL

